

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓN  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. En relación cos distritos sanitarios, sínale a resposta correcta:

- A) Existen 12 distritos sanitarios.
- B) Son as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios.
- C) A área sanitaria de Ourense conta con 2 distritos sanitarios.
- D) Cada distrito sanitario contará cun hospital no seu ámbito xeográfico.

2. Segundo a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, a quen corresponde asesorar e informar as empresas e aos traballadores sobre a maneira máis efectiva de cumprir as disposicións cuxa vixilancia ten encomendada?

- A) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) Servizo de prevención.
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

3. As retribucións básicas segundo o Estatuto Marco son:

- A) Soldo, trienios, complemento de destino e complemento específico.
- B) Soldo, trienios e pagas extraordinarias.
- C) Soldo e trienios.
- D) Soldo, trienios e complemento de destino.

4. NON é un principio relativo ao tratamento de datos segundo o Regulamento (UE) 2016/679:

- A) Licitude, lealdade e transparencia.
- B) Minimización de datos.
- C) Responsabilidade reactiva.
- D) Limitación do prazo de conservación.

5. Segundo o artigo 9 do Estatuto Marco, NON corresponde expedir un nomeamento de carácter eventual no suposto de:

- A) Prestación de servizos determinados de natureza temporal, conxuntural ou extraordinaria.
- B) Cando sexa necesario para garantir o funcionamento permanente e continuado dos centros sanitarios.
- C) Para o desempeño dunha praza vacante dos centros ou servizos de saúde, cando sexa necesario atender as correspondentes funcións.
- D) Para a prestación de servizos complementarios dunha redución de xornada ordinaria.

6. En relación co dereito ao traballo que recoñece a Constitución Española:

- A) Recóllese dentro dos principios reitores da política social e económica.
- B) Unha lei orgánica regulará un estatuto dos traballadores.
- C) Recoñécese o dereito á libre elección de profesión ou oficio.
- D) Os convenios colectivos non terán forza vinculante.

**7. A Xunta de Galicia:**

- A) Responde politicamente o Parlamento de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus compoñentes pola súa xestión.
- B) Cesa trala convocatoria de eleccións ao parlamento galego.
- C) No caso de dimisión ou falecemento do Presidente asume as súas funcións o Vicepresidente ata a finalización do mandato.
- D) Non pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade.

**8. NON é un principio da acción preventiva segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais:**

- A) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- B) Adoptar medidas que anteponían a protección individual á colectiva.
- C) Ter en conta a evolución da técnica.
- D) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.

**9. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, o control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, rúidos e vibracións é competencia:**

- A) Da Administración Xeral do Estado.
- B) Do Servizo de Saúde de cada Comunidade Autónoma.
- C) Das corporacións locais.
- D) Das deputacións provinciais.

**10. Os aspirantes que superasen o proceso selectivo dispoñen dun prazo para incorporarse ao destino adxudicado, cuxo cómputo se inicia ao día seguinte á publicación da resolución do nomeamento no Diario Oficial de Galicia. Este prazo está establecido no Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario en:**

- A) 20 días hábiles.
- B) 20 días naturais.
- C) 1 mes.
- D) Non dispoñen de prazo de toma de posesión. Deben incorporarse obrigatoriamente o día seguinte á publicación do nomeamento.

